

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

RESOLUCIÓN do 9 de xullo de 2026 pola que se dá publicidade do esgotamento de crédito destinado á concesión das axudas para a mellora da capacidade da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das empresas en Galicia, a través da aplicación de servizos de innovación, programa Ticket Innova para o ano 2026, convocadas pola Resolución do 30 de decembro de 2025 (Diario Oficial de Galicia número 10, do 16 de xaneiro de 2026) (código de procedemento IG408K).

Primeiro. A Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a mellora da capacidade da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das empresas en Galicia, a través da aplicación de servizos de innovación, programa Ticket Innova para o ano 2026, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, establece que as axudas se outorgarán por orde de entrada de solicitudes completas ata esgotamento de crédito, do que se dará a correspondente publicidade.

Segundo. O crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 09.A1.561A.770.03 para a concesión de axudas era de 1.000.000 de euros.

En virtude do anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do esgotamento do crédito con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.561A.770.03 para a concesión de axudas ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a mellora da capacidade da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das empresas en Galicia, a través da aplicación de servizos de innovación, programa Ticket Innova para o ano 2026, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva.

Segundo. A derradeira solicitude de axuda completa concedida antes do esgotamento do crédito foi presentada o 5 de febreiro de 2026 ás 9.32.08 horas, expediente IG408K-2026-000-000060.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2026

Covadonga Toca Carús
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

